

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 3 de febreiro de 2011 pola que se convoca para o ano 2011 a concesión de subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

O Decreto 402/2009, do 22 de outubro, constitúe o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

O seu artigo 4º.2 establece que as subvencións deste decreto, con cargo a axudas finalistas do Estado xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia e que figuren nos seus orzamentos xerais, así como as que se financian con fondos propios da comunidade autónoma, estarán sometidas á normativa reguladora das subvencións públicas e, en concreto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Este decreto establece as bases reguladoras destas subvencións de acordo co procedemento do artigo 19º.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Á vista do anterior, e para dar cumprimento ao disposto no artigo 4º.3 do Decreto 402/2009, en canto dispón que o importe das axudas se establecerá mediante ordes de convocatoria anuais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar a convocatoria para o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas aos promotores de actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas existentes acollidos, mediante cualificación protexida, ao Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, segundo o disposto no Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

2. As bases reguladoras foron aprobadas mediante o Decreto 402/2009, do 22 de outubro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 217, do 5 de novembro.

Artigo 2º.-*Persoas beneficiarias.*

1. Poderán solicitar as subvencións aquí reguladas as comunidades de propietarios, persoas físicas ou xurídicas, que teñan promovido actuacións de rehabilitación e que teñan en posesión da cualificación definitiva, e ademais cumpran as condicións e requisitos que prevén os artigos 8º e 62º do Decreto 402/2009, do 22 de outubro.

2. No suposto de que o solicitante sexa unha persoa xurídica ou titular dunha empresa, terase en conta o establecido no artigo 2º do Regulamento 1998/2006, da Comisión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* do día 28 de decembro.

Artigo 3º.-*Contía das subvencións.*

1. No que atinxe ao importe das axudas, atenderase ao establecido no artigo 63º do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, ademais do establecido nesta orde de convocatoria.

2. A axuda que se vai conceder asume a forma de subvención e a súa contía non poderá superar o límite do 75% do orzamento protexible, establecido no artigo 75º da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, sempre que exista crédito.

Artigo 4º.-*Gasto subvencionable.*

1. Considérase gasto subvencionable o orzamento da actuación que figure na cualificación definitiva emitida polo correspondente xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sempre que se xustifique o seu efectivo pagamento, de conformidade co establecido no artigo 29º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. No suposto de que a cantidade xustificada sexa inferior ao orzamento da cualificación definitiva, o pagamento da subvención reducirase proporcionalmente de acordo co establecido no artigo 60º do regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes deberán ir dirixidas á Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que, por razón da situación da vivenda rehabilitada, corresponda. Preferentemente deberán presentarse nas oficinas de rexistro do IGVS e poden facelo tamén nos rexistros de calquera outro órgano das administracións que teñan subscrito o oportuno convenio ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente

solicite de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos. No caso de que non se puidesen obter de oficio, requiríraselle ao interesado a súa presentación. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, entón debe presentar as certificacións indicadas.

3. Estas solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Autorización para consultar os datos de identidade ou, de non outorgala, fotocopia compulsada do DNI do solicitante.

b) Certificación da entidade de crédito de ter aberto ao seu nome unha conta en que desexa que se realice o pagamento.

c) Se é o caso, certificación da entidade de crédito conforme concedeu o préstamo convido ao abeiro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

d) No suposto de que o solicitante sexa unha persoa xurídica ou titular dunha empresa, deberá xuntar unha declaración de que a axuda global *de minimis* que tivese recibido non supera os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, de acordo co establecido no artigo 3º.2 c) do Regulamento 1998/2006, da Comisión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*; así como unha declaración de que non están excluídas do seu ámbito de aplicación segundo o artigo 1º do citado regulamento.

e) Copias compulsadas das facturas e xustificantes de pagamento, de acordo co establecido no artigo 42º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a relación anexa á solicitude.

f) Declaración responsable da unidade familiar, segundo modelo anexo, para os efectos da solicitude das axudas de vivenda e autorización para solicitar por vía telemática as acreditacións relativas a ingresos e débedas.

g) Documentación acreditativa do uso da vivenda, segundo consta no modelo anexo.

h) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma actuación nas distintas administracións públicas competentes.

Artigo 6º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes abrírase desde o día o seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 1 de abril de 2011, ambas as dúas datas incluídas.

Artigo 7º.-*Procedemento de tramitación das subvencións.*

1. O procedemento iníciarase mediante a presentación, por parte do interesado, da solicitude que se

incorpora como anexo a esta orde, debidamente cuberta, á cal se lle deberá xuntar a documentación que nela se indica consonte o establecido nesta orde.

2. Se a solicitude ou documentación presentadas non reunisen os requisitos exixidos, requirírase a persoa interesada para que, no prazo de dez días hábiles, emende ou xunte os documentos preceptivos, advertíndolle que, no caso de non completar o citado requirimento, se dará por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Non obstante, o Instituto Galego de Vivenda e Solo poderá solicitar cantos documentos considere necesarios para ditar resolución.

4. Unha vez completado o expediente, analizado este, así como feitas as comprobacións oportunas, e emitido o certificado acreditativo da verificación do cumprimento de requisitos polo beneficiario, o/a xefe de área provincial do IGVS elevará a proposta de resolución e pagamento de cada expediente ao titular da Dirección Xeral do IGVS, quen, á vista delas e tendo en conta o límite orzamentario establecido nesta orde, resolverá o que segundo en dereito proceda.

5. Se o orzamento establecido para esta axuda non fose suficiente para proceder ao pagamento de todas as solicitudes, aplicarase o criterio de prioridade pola entrada das solicitudes tendo en conta a data e a hora de entrada no rexistro.

Artigo 8º.-*Resolución das subvencións.*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de dous meses de acordo co artigo 7º do Decreto 402/2009. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados que solicitasen as subvencións convocadas por esta orde poderán entender desestimada a súa solicitude, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 402/2009.

2. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 7º do Decreto 402/2009.

Artigo 9º.-*Pagamento das subvencións.*

1. O pagamento das subvencións aos beneficiarios realizarase mediante transferencia bancaria, á conta que para o efecto sinala o beneficiario.

2. A cualificación definitiva terá a consideración de memoria de actuación xustificativa do cumprimento para os efectos do previsto no artigo 48º do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Compatibilidade e incompatibilidade.*

1. Esta subvención é incompatible coas axudas establecidas para as áreas de rehabilitación integral e as áreas de renovación urbana.

2. A suma das axudas financeiras estatais e as que se recollen nesta orde, así como as doutras administracións ou organismos públicos que correspondan, non poderá superar o 75% do orzamento protexido das actuacións, de acordo co establecido no artigo 75º da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Artigo 11º.-Reintegro da subvención.

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis o 25%, segundo establece o artigo 34º da Lei de subvencións de Galicia, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

2. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33º da Lei de subvencións de Galicia.

3. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38º da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O/a director/a xeral do IGVS, ou persoa en quen delegue, por proposta da área provincial, ditará resolución expresa, debidamente motivada, na cal figure o motivo da modificación da resolución de concesión ou da perda do dereito á subvención, comunicándolle ao interesado a obriga de devolver as cantidades anteriormente percibidas en concepto de subvención.

3. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 7º do Decreto 402/2009.

Artigo 13º.-Publicidade.

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, e co artigo 15º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, este organismo publicará na súa páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia*, a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización

para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios para os efectos das citadas publicacións.

3. Os datos de carácter persoal relacionados coa solicitude, e solicitados no correspondente impreso de solicitude de subvencións, integraranse nun programa informático de carácter permanente, á disposición do Instituto Galego de Vivenda e Solo, para os únicos efectos de tramitación da solicitude, extracción de informes estatísticos e cumprimento das obrigas recollidas neste artigo. A negativa a cubrir calquera dos datos solicitados no impreso de solicitude suporá a imposibilidade de continuar coa tramitación da solicitude.

Artigo 14º.-Deber de colaboración e facultade de inspección.

1. As persoas beneficiarias ademais de cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, están obrigadas a facilitar toda a información que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Desde o momento da presentación da solicitude poderanse realizar todas as inspeccións ou comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados ou o destino da subvención concedida.

Artigo 15º.-Crédito orzamentario e contía.

As subvencións que se convocan mediante esta orde concederanse con cargo ao crédito que figura consignado para esta finalidade nos orzamentos de gastos do Instituto Galego da Vivenda e Solo para 2011, nas aplicacións orzamentarias e polos importes máximos seguintes:

-Aplicación 2011, 07 90 451A 780.1, para familias e institucións sen fins de lucro por importe máximo de 2.000.000 de euros.

-Aplicación 2011 07 90 451A 770.0, para empresas por importe máximo de 10.000 euros.

Disposición adicional

Delégase no director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo a competencia para resolver sobre a ampliación das contías aquí establecidas, que producirá os seus efectos logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 30º e 31º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2011.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROCEDIMENTO PROGRAMA RENOVE Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE VIVENDAS EXISTENTES. SUBVENCIÓN Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO VI422B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE

PROMOTOR/A DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN		NIF/CIF	
ENDEZEZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E, na súa representación:

NOME E APELIDOS		NIF	
ENDEZEZO		LOCALIDADE	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO EDIFICIO OBXECTO DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN

ENDEZEZO	LUGAR
PROVINCIA	CONCELLO
	CÓDIGO POSTAL

EXPÓN:

Que no edificio arriba sinalado, ao abeiro do artigo 58º do R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, promovéronse actuacións de rehabilitación que acadaron a cualificación definitiva baixo o número de expediente
 Que os gastos-investimentos das ditas actuacións se xustifican coa documentación (facturas, documentos de pagamento bancario, etc.) de que se xunta copia compulsada e relación anexa.

SOLICITA:

Que lle sexan concedidas as seguintes axudas que refire o artigo 60º.3 do R.D. 2066/2008, do 12 de decembro.
 1. A axuda do 10% do orzamento subvencionable, que se vai ingresar na conta da comunidade de propietarios, co límite de 1.100 € por vivenda que participe nos custos da rehabilitación.
 2. Para os membros da comunidade de propietarios que individualmente o solicitan como documentación complementaria a esta solicitude, que participan nos custos de rehabilitación e que consideren que reúnen os demais requisitos establecidos na normativa que se sinala no pé deste documento, a axuda do 15% adicional, cos límites alí regulados.
 Para os efectos de facilitar a resolución do solicitado no punto 1 **AUTORIZÁSE** o Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar por vía telemática a acreditación de estar ao día das obrigas tributarias e sociais ante os organismos correspondentes. SI NON
 No caso de facer uso da posibilidade establecida no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, de denegar expresamente ao IGVS este consentimento, deberán achegarse os correspondentes certificados.
 Expresamente, **DECLÁRASE** non estar incurso a comunidade de propietarios en ningunha das limitacións establecidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
DECLÁRASE tamén que para as actuacións de rehabilitación do inmoble,
 Non se solicitou nin ten concedida ningunha axuda.
 Solicitáronse ou fóronlle concedidas as seguintes axudas:
 A esta solicitude achégase a seguinte documentación:
 1. Certificación da conta bancaria, a nome da comunidade de propietarios, en que se desexa domiciliar o pagamento da axuda solicitada.
 2. Relación de facturas e documentos de pagamento, a xeito de memoria económica, referidas ás obras executadas.

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas e do procedemento e DECLARA que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e que os datos que figuran neste impreso son certos.
 De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na súa páxina web oficial, a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade (DNI) no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoos/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este organismo como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012. - Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012. - Orde do 3 de febreiro de 2011 pola que se convoca para 2011 a concesión de subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSOA QUE A REPRESENTA Lugar e data , de de 201		

Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo en


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROCEDIMENTO PROGRAMA RENOVE Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE VIVENDAS EXISTENTES. SUBVENCIÓN ADICIONAL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO VI422B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E, na súa representación:

NOME E APELIDOS		NIF	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO EDIFICIO OBXECTO DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN

ENDEREZO	LUGAR
PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	

EXPÓN:

Que no edificio arriba sinalado, a través da comunidade de propietarios, na cal participo como parte na promoción de rehabilitación, promovéronse actuacións de rehabilitación que acadaron a cualificación definitiva baixo o número de expediente

Que o representante da comunidade de propietarios presentou a documentación xustificativa das actuacións e do seu pagamento.

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a subvención do 15% adicional á da comunidade de propietarios, que refire o artigo 60º.3 do R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, tendo en conta o seguinte límite:

- Xeral Específico para persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos

Para os efectos de facilitar a resolución da miña solicitude **AUTORIZO** o Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar por vía telemática a acreditación de ingresos, así como estar ao día das obrigas tributarias e sociais ante os organismos correspondentes. SI NON

Expresamente **DECLARO** non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Así mesmo, **DECLARO** que a vivenda se dedica á residencia habitual e permanente:

- Para uso propio Para alugamento
 Con contrato suxeito a prórroga forzosa anterior á Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos.

DECLARO tamén que para as actuacións de rehabilitación arriba sinaladas,

- Non solicitei nin se me concedeu ningunha axuda doutra Administración pública ou ente ou organismo público.
 Solicitei ou concedéronse as seguintes axudas:

Quen suscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas e do procedemento e DECLARA que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e que os datos que figuran neste impreso son certos.

De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na súa páxina web oficial, a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade (DNI) no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este organismo como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012. - Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012. - Orde do 3 de febreiro de 2011 pola que se convoca para 2011 a concesión de subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSOA QUE A REPRESENTA Lugar e data , de 201		

Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo en

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- No caso de que na folla anterior non autorizase a consulta sobre datos de identidade, copia compulsada do DNI da persoa solicitante.
- Se é o caso, NIF do representante. Deberá achegar ademais documento que acredite a representación.
- Certificado da conta bancaria en que desexen domiciliar o pagamento da subvención solicitada.
- Declaración responsable de composición da unidade familiar e autorización de solicitude telemática. Para o caso de non autorizar o IGVS para obter datos de ingresos fiscais, achegarase ademais copia compulsada da declaración da renda das persoas que compoñen a unidade familiar.
- No caso de facer uso da posibilidade prevista no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, de denegar expresamente ao IGVS o consentimento para obter a acreditación por vía telemática de estar ao día das obrigas sociais e tributarias coas administracións públicas, deberá presentar certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesouraría da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia sobre esta situación.
- Para o caso de que se solicite a subvención co límite específico para maiores de 65 anos ou persoas con discapacidade e que as obras se fixesen para a eliminación de barreiras, acreditación desta situación específica e, se é o caso, certificado de discapacidade.
- Acreditación do uso da vivenda:
 - Para o caso de uso propio: certificado de empadramento e contrato de alugamento se o solicitante é o inquilino autorizado.
 - Para o caso de alugamento: presentación do contrato de alugamento con depósito de fianza.
- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROCEDIMENTO PROGRAMA RENOVE DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EXISTENTES. SUBVENCIÓN	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO VI422B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PROMOTOR/A DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN <input type="text"/>		NIF/CIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

E, na súa representación:

NOME E APELIDOS <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>		LOCALIDADE <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>
CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

DATOS DA VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN

ENDEREZO <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>

EXPÓN:

Que na vivenda arriba sinalada, ao abeiro do artigo 58º do R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, se promoveron actuacións de rehabilitación que acadaron a cualificación definitiva baixo o número de expediente:

Que os gastos-investimentos das ditas actuacións se xustifican coa documentación (facturas, documentos de pagamento bancario, etc.) de que se xunta copia compulsada e relación anexa.

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda que refire o artigo 61º do R.D. 2066/2008 que se sinala:

- Para uso propio: 25% do orzamento protexido cos límites dispostos no artigo 61º a)
 Xeral Específico para persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos

- Para uso de alugamento durante un mínimo de 5 anos, nas condicións establecidas no R.D. 2066/2008: 25% do orzamento protexido co límite disposto no artigo 61º b)

Para os efectos de facilitar a resolución da miña solicitude **AUTORIZO** o Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar por vía telemática a acreditación de ingresos así como estar ao día das obrigas tributarias e sociais ante os organismos correspondentes. SI NON

Expresamente **DECLARO** non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Así mesmo **DECLARO** que a vivenda se dedica a residencia habitual e permanente:

- Para uso propio Para alugamento (achegarse contrato de alugamento con depósito da fianza)

DECLARO tamén que para as actuacións de rehabilitación do inmovible

- Non solicitei nin se me concedeu ningunha axuda doutra Administración pública ou ente ou organismo público.
 Solicitei e/ou concedéronse as seguintes axudas:

Tipo de subvención e importe

Administración, ente ou organismo público

Quen suscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas e do procedemento e **DECLARA** que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e que os datos que figuran neste impreso son certos. De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e o artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na súa páxina web oficial, a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xuño de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade (DNI) no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este organismo como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.
- Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.
- Orde do 3 de febreiro de 2011 pola que se convoca para 2011 a concesión de subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSOA QUE A REPRESENTA

Lugar e data

, de 201

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ___/___/___
	DATA DE EFECTOS ___/___/___
	DATA DE SAÍDA ___/___/___

Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo en

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- No caso de que na folla anterior non autorizase a consulta sobre datos de identidade, copia compulsada do DNI da persoa solicitante.
- Se é o caso, NIF do representante. Deberá achegar ademais documento que acredite a representación.
- Certificado da conta bancaria en que desexen domiciliar o pagamento da subvención solicitada.
- Relación de facturas e documentos de pagamento, a modo de memoria económica referida ás obras executadas, en modelo anexo.
- Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorización de solicitude telemática. No caso de non autorizar o IGVS para obter datos de ingresos fiscais, achegarase ademais copia compulsada da declaración da renda das persoas que compoñen a unidade familiar.
- No caso de facer uso da posibilidade prevista no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, de denegar expresamente ao IGVS o consentimento para obter a acreditación por vía telemática de estar ao día das obrigas sociais e tributarias coas administracións públicas, deberá presentar certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia sobre esta situación.
- No caso de que se solicite a subvención co límite específico para maiores de 65 anos ou persoas con discapacidade e que as obras se fixesen para a eliminación de barreiras, acreditación desta situación específica e, se é o caso, certificado de discapacidade.
- Acreditación do uso da vivenda:
 - Para o caso de uso propio: certificado de empadramento e contrato de alugamento se o solicitante é o inquilino autorizado.
 - Para o caso de alugamento: presentación do contrato de alugamento con depósito de fianza.
- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

ANEXO

**REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E EDIFICIOS DE VIVENDAS
PROGRAMA RENOVE**

SOLICITANTE OU REPRESENTANTE		NIF	
PROMOTORA DA REHABILITACIÓN		NIF	

RELACIÓN DE FACTURAS E DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO E/OU INVESTIMENTO REALIZADO E DA AXUDA SOLICITADA

Nº de orde da factura ou documento equivalente	Data da factura ou documento equivalente	Data do documento bancario de pagamento	Concepto	Expendedor-Proveedor-Contratista-etc.	Importe total da factura	Importe que corresponde a actuacións subvencionadas
TOTAL QUE SE XUSTIFICA						
					Orzamento protexido na cualificación definitiva	
					Orzamento subvencionable (artigo 4º da orde de convocatoria)	

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificadas, selados e asinados polo beneficiario (artigo 42º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Achégause con esta relación as facturas enumeradas e os seus correspondentes documentos bancarios de pagamento, de acordo co número de orde asignado.

Se non se dispón de espazo neste impreso, utilícese unha relación adicional en folia á parte.

, de 201

Asinado:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DAS AXUDAS DE VIVENDA E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS ACREDITACIÓN RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS.*

Declaro/declaro que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito. En aplicación do artigo 95º.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso a que se xunta este documento, os asinantes autorizamos o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións. Así, como o Instituto Galego da Vivenda e Solo é o tramitador do expediente de axudas poderá solicitar, á vista desta declaración, calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTE OU PARENTESCO (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	AUTORIZO CONSULTA DE DATOS DE IDENTIDADE (SI/NON)	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL (3)	PERSONA CON DISCAPACIDADE (4)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (5)	SINATURA DO QUE AUTORIZA (6)

* A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a legalmente e os fillos menores que con el ou ela convivan, así como os fillos maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito reconecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

- (1) Son solicitantes os compradores no caso de adquisición, os promotores no caso de promoción para uso propio e no caso de rehabilitación, os propietarios ou inquilinos da vivenda promotores dela. EXEMPLO PARA CUBRIR O IMPRESO: solicitante, cónxuxe e fillo.
- (2) Os componentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios poderán autorizar expresamente o IGV, de conformidade co artigo 2º do Decreto 225/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. No caso de non autorizar, deberán presentar a fotocopia do DNI/NIF.
- (3) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente), PF (parella de feito legalmente recoñecida).
- (4) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1º.2 da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.
- (5) Neste caso terán que acreditarse os ingresos autenticados pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.
- (6) A sinatura implica que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita.

Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Para os menores considerárase a autorización no caso de que asinen os seus representantes legais. Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.